



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CMUS Profesional Manuel Quiroga

Avenida JUAN CARLOS I 4 Pontevedra
CP 36004 Pontevedra
Tfno. 886151545, Fax 886151552
cmus.pontevedra@edu.xunta.es

**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA**

Modelo MD75PRO01

Programación Música Tradicional Galega

2018-2019

6º Grao Profesional

Departamento de Fundamentos de Composición

Modelo. Programación. MD85PRO01. 01/09/2017. 1



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro

1 de 22

Modelo: MD85PRO01 Programación. 01/09/2017



Sumario

1. Introducción.....	3
2. Obxectivos das ensinanzas.....	3
2.1. Obxectivos xerais do grao profesional.....	3
3. Obxectivos específicos.....	5
3.1 Grao profesional.....	5
4. Metodoloxía.....	6
5. Atención á diversidade.....	9
6. Temas transversais.....	10
6.1. Educación en valores.....	11
6.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s).....	13
7. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	13
8. Secuenciación do curso.....	14
8.1 Obxectivos.....	14
8.2 Contidos.....	15
8.3 Avaliación.....	16
8. 4. Medidas de recuperación.....	19
9. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	20
10. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	21





1. Introducción

A finalidade xeral desta materia é proporcionarlle ao alumnado un acercamento ao estudo da música tradicional en Galicia é posibilitar o seu enriquecemento persoal e o da súa formación musical. A estruturación desta materia vértase en diferentes aspectos.

O histórico: mediante unha aproximación ao que ten sido a construción do obxecto folclórico en Galicia, desde os precursores e as fontes da época, os cancioneiros, ata as elaboracións máis recentes.

O sistemático: abordando as diferentes formas e xéneros da música tradicional galega.

O organolóxico: mediante unha panorámica descritiva e analítica dos instrumentos que conforman o instrumentario popular galego.

O interpretativo: mediante unha aproximación aos espazos de representación da música popular.

En definitiva, trátase dunha materia de grande interese xeral, e especialmente para o alumnado que pretenda acceder ao grao superior nas especialidades de musicoloxía ou instrumentos da música tradicional e popular, debido ao tratamento introdutorio de contidos relativos ás materias propias delas.

2. Obxectivos das ensinanzas

2.1. Obxectivos xerais do grao profesional

As ensinanzas profesionais de música teñen como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades xerais e os valores cívicos propios do sistema educativo e, ademais, as capacidades seguintes:



a) Habitarse a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.

b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.

Analizar e valorar a calidade da música.

d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.

e) Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.

f) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.

g) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.

h) Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.

i) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

2. Nas ensinanzas profesionais de música teranse en conta as especificacións que se establecen na Lei galega 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, e especialmente no seu artigo 9.1º, así como as prescricións do artigo 24 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes como garantía dunha educación acorde co principio de igualdade.





3. Obxectivos específicos

3.1 Grao profesional

a) Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.

b) Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.

Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.

d) Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.

e) Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.

f) Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.

g) Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.

h) Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas exixencias das obras.

i) Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.

Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á



creatividade musical.

Interpretar individualmente ou dentro da agrupación.

Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

4. Metodoloxía

Principios metodolóxicos

A docencia-aprendizaxe desta materia de MTG baséase nunha metodoloxía participativa, facilitada pola interacción directa entre docente e alumnado. É obrigado ter moi presente a formación técnica e humanística que o alumnado ten nesta altura, así como a súa capacidade de manexo autónomo de fontes críticas e documentación, o que debe permitir que os coñecementos sexan directamente construídos baixo a supervisión directa do docente na aula.

Actividades didácticas programadas: clases colectivas

Dada a ratio prevista, as clases terán sempre un carácter colectivo. A docencia desenvolverase prioritariamente na aula, na biblioteca e na aula de informática, traballando sobre cancioneros, artigos, revistas dixitaís o físicas e outros materiais; estableceranse actividades a desenvolver na biblioteca, e no seu caso na aula de novas tecnoloxías, cando a súa natureza o precise.

Entre as actividades a desenvolver, cómpre citar con carácter xeral:

- Costa, Luis, "La Música Popular (Cap. 8)", *Galicia-Antropología* (vol. XXV), A Coruña, Hércules, 1998; pp. 403-431.- Explicación dos conceptos teóricos básicos da disciplina (aula).

Resolución dos cuestionarios que o profesor facilita en cada unidade.

-Aproximación ás fontes, e práctica coas mesmas (biblioteca - aula- aula de informática)

- Elaboración de procuras e fichas bibliográficas (aula-biblioteca).



- Elaboración de traballos orixinais e traballo de campo: recompilación de melodías, gravación de vídeos/audios, fotografías de festas populares, etc...
- Realización de debates co obxectivo de utilizar terminoloxía etnomusicolóxica e científica específica e de desenvolver criterios de análises críticas.

Recursos Materiais:

A materia de musicoloxía impartirase en tres espazos: aula, biblioteca, aula informática.

Farase uso de todas as fontes documentais dispoñibles no centro, como cancioneros, gravacións, etc. Tamén se usarán fotocopias con cadros sinópticos, resumos e esquemas da materia. A bibliografía básica recomendada e a seguinte:

Recursos didácticos

Bibliografía recomendada:

Cuestións conceptuais.

- Díaz Viana, Luis, *Música y culturas*, Madrid, Eudema, 1993.
- Martí, Josep, "Hacia una antropología de la música", *Anuario Musical*, 47 (1992); pp. 195-225.

Folclore Musical de Galiza.

- Bal, Jesús. & Martínez Torner, E., *Cancionero Gallego*, A Coruña, Fund. P. Barrié de la Maza, 1973.
- Bal, Jesús. & Martínez Torner, E., "Folclore Musical", en *Terra de Melide*, Santiago, Seminario de Estudios Gallegos, 1933; pp. 537-566.
- Costa, Luis, "La danza y el baile" (cap. 9), *Galicia-Antropología* (vol. XXV), A Coruña, Hércules, 1998; pp. 433-465.
- Groba González, Xavier, "A recompilación da música tradicional en Galicia", en Villanueva, Carlos (ed.), *Galicia fai dous mil anos. O feito diferencial galego*.



Música, Santiago, Museo do Pobo Galego, 1998; vol. 2, pp. 351-402.

- Groba González, Xavier, "El estudio de la música tradicional gallega y el canto de tradición oral", *Galicia-Antropología* (vol. XXV), A Coruña, Hércules, 1998; pp. 328-359.

- Pérez Lorenzo, Miguel, "Panorámica do instrumentario musical popular en Galicia", *Galicia-Antropoloxía* (vol. XXV), A Coruña, Hércules, 1998; pp. 361-401.

- Sampedro Folgar, Casto, *Cancionero Musical de Galicia*. (Reconstitución y edición por Filgueira Valverde, J.). Fund. P. Barrié de la Maza, A Coruña, 1942 (ed. fac-símil: A Coruña, 1982). - Schubart, Dorothe & Santamarina, Antón, *Cancioneiro Galego de Tradición Oral*. 7 vols. Fund. P. Barrié de la Maza, A Coruña, 1984-1997.

Método Etnográfico.

- Aguirre Baztán, Angel (ed.), *Etnografía, metodología cualitativa en la investigación*

- Costa, Luis, "Algunhas cuestións de teoría e de método verbo da investigación da música de tradición oral en Galicia", en: *Actas do «I Encontro O Son da Memoria.»*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Marzo de 1999. (Actas en prensa).

- Magrassi, Guillermo E. & Rocca, Manuel María (eds.), *Introducción al folklore*, Buenos Aires, Centro Editor de América Latina, S. A., 1978 (1ª ed. inglesa, 1953).

- Raventós, Jordi (ed.), *Actas del I Congreso de la SibE*, Barcelona, SibE, 1995.

Antoloxías sonoras.

Respecto a Galicia, a principal fonte de rexistros constitúea a colección de Dorothe Schubart, da cal tense editado unha pequena parte en formato cassette, acompañando á edición do Cancionero Galego de Tradición Oral. Outros rexistros editados son recollidos amplamente por Xavier Groba no seu traballo de 1998, "A recompilación..." citado na bibliografía.

Cabe reseñar asimesmo a edición de rexistros de campo históricos en: The Lomax



Collection, GALICIA, Rounder Records, N. Y. 2002

Actualmente están en curso de edición rexistros históricos, correspondentes a agrupacións de música tradicional e popular, a cargo do selo OUVIRMOS, colección “A Tiracolo”, do que xa van editados varios números (Aires da Terra, Os Monexas do Deza, Toxos e Froles, Os Soutelo de Montes, etc.).

Revistas e Actas de Congresos.

- Etno-folk. *Dos Acordes*. Baiona. 2005-

- TRANS, Revista Transcultural de Música. Sociedad de Etnomusicología (SlbE). A revista pode ser consultada gratuitamente a través da súa páxina web: www.sibetrans.com, ver revista TRANS.

- Actas dos congresos anuais e bianuais da Sociedad de Etnomusicología (SlbE). Desde 1995 ata hoxe. Editadas pola SlbE.

- Actas dos Encontros O Son da Memoria, I, II e III, celebrados en Santiago de Compostela nos anos 1999, 2000 e 2003. Poden descargarse en PDF de xeito gratuito da páxina oficial do Consello da Cultura Galega www.consellodacultura.org.

5. Atención á diversidade

Considerase alumnado con necesidade específica de apoio educativo, aquel que, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, polas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ó sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar, require unha atención educativa diferente á ordinaria para que poda alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

Os alumnos que acceden a un conservatorio presenan diferenzas individuais e non todas elas aprenden ao mesmo ritmo nin teñen as mesmas capacidades, polo que



será labor do profesorado adecuar a práctica docente ás necesidades e características do alumnado.

Para dar resposta á diversidade, teremos en conta as seguintes pautas:

- Traballar con materiais abertos e flexibles, que plantexen diversas estratexias para o logro dos obxectivos.
- Ter en conta as diferenzas individuais e de grupo que se detectan na avaliación inicial: os intereses do alumnado, o contacto que tiveron coas actividades, as destrezas adquiridas, etc.
- Buscar orientación externa, de ser necesario, co propio centro como mediador.
- Respetar o ritmo de aprendizaxe de cada alumno.
- diversificar as actividades para lograr os obxectivos.
- Plantexar actividades de diferente dificultade e integrar os alumnos na máis apropiada ao seu nivel.
- Fomentar a pedagogía do éxito, é dicir, valorar os pequenos logros de cada unha e considerar positivamente o seu proceso de aprendizaxe.
- Potenciar o traballo das actitudes para lograr o respecto de todos.

6. Temas transversais

Contenidos Transversales

O currículo oficial recoñece a importancia de promover o desenvolvemento de novas actitudes e valores.

Debe ser o suficientemente flexible para recoller as novas necesidades formativas características dunha sociedade plural e en permanente cambio. Por iso, contén un conxunto de ensinamentos que, integradas no propio programa das materias, atrávesano ou o impregnan.

- A comprensión lectora
- Expresión oral e escrita.



- A comunicación audiovisual.
- As tecnoloxías da información e da comunicación.
- A educación en valores.

Conexión con outros estudos do mesmo nivel ou tramo de idade

Cómpre ter en conta a moi probable simultaneidade do 6º curso de grao profesional co bacharelato cursado dentro das ensinanzas post-obrigatorias de réxime xeral. O alumnado accede neste tramo de idade a unha ampla formación no campo humanístico, que ven dado polas materias troncais do bacharelato: Historia, Filosofía e Linguas, o que presupón unha visión global que facilitará a comprensión e asimilación dos contidos propios da Musicoloxía, en tanto que disciplina de claro encadre humanístico. De xeito máis específico, o alumnado que curse a modalidade do bacharelato artístico, e especificamente a vía de artes escénicas e musicais, poderá obter un mellor rendemento en tanto que o seu campo de estudio está xa claramente centrado nos contidos musicais, contando ademais coas ferramentas técnicas (análise, linguaxe musical, etc.) que lle permitan abordar os contidos da materia de musicoloxía con plena competencia técnica.

6.1. Educación en valores

A música, no dobre aspecto de ciencia e arte, contribúe ó desenvolvemento no plano intelectual á vez que no plano emocional/afectivo coma xeito de expresión persoal e interrelación cos demais. Por todo elo posúe un gran potencial no desenrolo do equilibrio persoal e na formación de hábitos de escoita, tolerancia e respecto hacia os demais e hacia o entorno. Neste sentido, a lei educativa actual plantexa a educación en valores, dende todas as actividades do centro, partindo do plantexamento dos contidos ou eixos transversais que, sin adxudicarse a ningunha disciplina, é necesario que estean presentes no currículo para alcanzar a formación integral da persoa. Estas cualidades intrínsecas da práctica e do coñecemento da música concrétanse do seguinte modo nos eixos transversais do



currículo:

- **EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA E EDUCACIÓN PARA A PAZ:** aceptación e recoñecemento dos demais a través do fomento das actividades grupais e mellora do coñecemento de outras culturas a través da súa música.

A **EDUCACIÓN PARA A SAÚDE:** a práctica da música contribúe ó establecemento de hábitos de hixiene física e mental, xa que fomenta un desenvolvemento persoal equilibrado, a creación de novas vías de comunicación e a tendencia a perseguir a consecución dun ámbito que contribúa ao benestar. O primeiro aspecto cóidase de xeito específico nos contidos que fan referencia á educación da voz e corrección postural requirida tanto no canto coma no movemento e a danza. De xeito global, a música contribúe tamén ao equilibrio persoal na medida que se fomenta a comunicación e se canaliza o desenvolvemento da expresividade, afondando no propio coñecemento e aceptación.

- **A IGUALDADE ENTRE AMBOS OS DOUS SEXOS:** no mundo musical evidéncianse ás veces actitudes estereotipadas acerca dos roles masculino e feminino, orixinadas na marxinación histórica -e obsoleta- da muller nos campos que supoñen unha proxección social. Os materiais deste Proxecto non dan cabida a ningún tipo de discriminación relacionada co sexo, nin na elección

ou atribución dun instrumento para realizar unha interpretación, nin na distribución de tarefas de cara a crear unha coreografía, nin na composición e improvisación.

- **EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR:** o mercado relacionado co consumo da música move un considerable volume económico, sendo o alumnado desta etapa un gran consumidor de produtos musicais. Polo tanto, é importante que adquira criterios de optatividade e de calidade que lle permita consumir de forma libre e razoada. Os materiais presentan un abano amplo de estilos musicais, asociados todos eles a unhas actividades que axudan ao alumnado a descubrilos e aprecialos.

- **EDUCACIÓN AMBIENTAL:** é necesario concienciar o alumnado fronte á presenza indiscriminada e abusiva -a miúdo inútil e ademais, agresiva- do son no ámbito, fomentando a formación dunha actitude consciente e crítica.





Ademais dos valores citados, valores de carácter persoal e interpersonal-social tales como creatividade, independencia, integridade, tolerancia, produtividade, participación, paixón, empatía, disciplina, cumprimento, convivencia, apoio, autenticidade, colaboración e compañeirismo, comprensión, comunicación, confianza, constancia, cooperación, flexibilidade).

6.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

Como se ven explicitando, a materia de música de tradicional de Galicia impartirase en tres espazos: aula, biblioteca, aula de novas tecnoloxías.

Na medida do posible utilizaranse diferentes recursos Offline: Software educativos, CD-ROMs Interactivos, Presentaciones (Slideshare, Prezzi; PowerPoint), sempre que realmente faciliten a asimilación do contido ou respondan a unha necesidade de aprendizaxe construtivo e participativo.

Tamen utilizaranse recursos Online: Webs interactivas e colaborativas, Wikis, Blogs, Redes Sociais, Youtube, Revistas de Etnomusicología, etc.

Utilizaranse Recursos de MOS (web do Ministerio de Educación), así como directorios de partituras e música gravada.

Consultaranse revistas dixitais tipo Sibetrans.

Facilitarase información ao alumno sobre recursos web onde solucionar problemas de teoría a través da búsqueda en webs do tipo: <http://www.teoria.com>, así como directorios de fontes para que se familiaricen con elas.

7. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Actividades complementarias e extraescolares.

Prevese a realización de actividades complementarias e extraescolares, como



poden ser a visita a espazos documentais, museos ou arquivos, ben para a observación, ou para o traballo directo na medida do posible, en fontes documentais orixinais.

Poderase establecer a realización de actividades externas en relación cos traballos de campo.

8. Secuenciación do curso

Curso: 6ºG.P. Música Tradicional Gallega

8.1 Obxectivos

1. Apreciar e valorar as manifestacións musicais de tradición oral como parte do patrimonio cultural, entendendo a súa diversidade e amplitude.
2. Manexar as ferramentas conceptuais que se recollen nos estudos de etnomusicoloxía, abordando os seus significados teóricos desde o punto de vista antropolóxico.
3. Proporcionar unha aproximación á historia da música tradicional en Galicia, incidindo nas fontes impresas e fonográficas como parte substancial do patrimonio musical galego.
4. Introducirse na investigación etnomusicolóxica mediante o coñecemento dos parámetros formais da música de tradición oral como punto de partida básico do seu estudo.
5. Coñecer os principais xéneros da música tradicional galega.
6. Coñecer os principais instrumentos da música tradicional galega, o seu funcionamento a nivel morfolóxico e as súas capacidades a nivel funcional, incluíndo os grupos e repertorios máis habituais.





8. Combinar, de forma autónoma e con sentido crítico, os diferentes medios que contribúen a ampliar e completar a formación musical, relacionando coñecementos de diversa índole (técnicos, científicos, sociais, históricos...) adquiridos de forma autónoma (lecturas, investigacións...) noutras materias, ou ben a través da propia experiencia cotiá.

9. Contribuír á formación de criterios propios no alumnado á hora de estudar as diferentes manifestacións musicais, así como culturais, propias de Galicia, e valoralas asumindo un rol activo na súa investigación, recollida e transmisión.

8.2 Contidos

Unidade 1. Introducción ás músicas folklóricas, tradicionais e tribales. A tradición oral. Como nace a música tradicional. Música folklórica como expresión nacional. A perspectiva histórica. Música na cultura. Xénese da música folklórica. Práctica: Folklore e folklorismo. Lectura, debate e exposición.

Unidade 2. Folklore e etnomusicología. Breve historia. A musicología comparada.

Unidade 3. Parámetros para a análise e a transcripción da música tradicional. O estilo. Son e estilo de canto. Forma. Polifonía. Ritmo e tempo. Melodía e escala. A forma estrófica. Métrica e estilo de canto. Melodías errantes. Transcripción e análise. Práctica: A ficha.

Unidade 4. Recursos Xerais para a investigación das músicas tradicionais. A etnomusicología. Obxecto de estudo. Categorías musicais. Problemas metodolóxicos e técnicos. As fontes. Deseño dun proxecto de investigación. A recolección de datos. A análise de datos. Síntese e discusión de resultados. Práctica: Bela Bartok. Lectura de "O folklorista ideal".





Unidade 5. O folklore en Galicia. Os cancioneros. As cantigas folklóricas galegas. Definición e características. Os grandes músicos galegos. Precusores e epígonos. O problema da autenticidade. Práctica: Elixir un compositor. Traballo e presentación.

Unidade 6. A instrumentación. Clasificación de instrumentos. Conxuntos instrumentales e agrupacións tradicionais. Gaita e zanfona. O baile. Práctica: Ficha da gaita e zanfona. Procura de exemplos. Audicións.

8.3 Avaliación

8.3.1 Criterios de avaliación

Cada unidade dividirase en tres niveles de aprendizaxe: Investigación, Exposición e Aplicación. Para cada un destes niveis aplicaranse uns criterios de avaliación diferentes, que serán avaliados con ou sen positivos de forma diaria. (Ver criterios de cualificación). Ademais destes criterios e de modo xeral avaliarase a capacidade do alumno de:

1. Definir, empregando un léxico apropiado, as particularidades teóricas de cada concepto tratado, explicando o proceso que leva ao xurdimento de cada un e referíndose a eles de forma correcta.
2. Explicar, empregando un vocabulario axeitado, as características fundamentais da música tradicional galega establecendo a súa relación coa sociedade no espazo cronolóxico pertinente.
3. Recoñecer a través da análise, auditiva ou visual, as características



básicas das diversas fontes que conforman o patrimonio da música tradicional galega, establecendo os parámetros sociais que deron lugar á súa aparición, e situándoas nas súas coordenadas xeográfico-temporais.

8.3.2 Mínimos esixibles

Considerarase como mínimos esixibles para a materia:

1. A realización de las prácticas: a presentación dos traballos, a lectura dos artigos propostos, la realización das fichas.
2. Coñecer os instrumentos fundamentais, os cancioneiros, as agrupacions e as principais formas musicais da música tradicional galega.
3. Ser capaz de realizar un análisis musical adecuado de la música tradicional.
4. Ser capaz de distinguir los principales conceptos tratados en clase.

8.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

En cada unidade facilitarase ao alumno o material sobre o que se vai a traballar así como un cuestionario coas preguntas que deberá responder sobre o mesmo. O alumno deberá lelo en profundidade, facer anotacións, esquemas, e responder ás preguntas. Este cuestionario entregarase ao final de cada unidade ao profesor, que o utilizará como proba de avaliación de cada unidade. Esta é a fase de investigación.

Posteriormente pasarase á fase de exposición en clase, individual ou grupal, dos contidos. Esta fase tamen pode adquirir o formato dun debate. Nesta fase o alumno deberá mostrar a asimilación dos mesmos.



A última fase de aprendizaxe é a práctica, na que o alumno haberá de realizar una aplicación do aprendido no tema. (Buscar exemplos na vida real do tratado no tema, ou ben aplicar os conceptos fundamentais á práctica musical, a través da análise de repertorio, (audiciones ou cancioneros)). Esta fase práctica tamén pode implicar calquera outra actividade proposta polo profesor.

Non realizaranse exames para aqueles alumnos que asistan a clase. Si algún alumno falta a algunha clase poderá recuperala para poder ser evaluado da materia tratada na mesma, entregando o traballo que o profesor lle demande en relación co visto ese día.

Os que perdan a avaliación continua terán que realizar unha proba escrita sobre o contido teórico da materia a final do curso (70%) e entregar tres traballos, (un por cada avaliación), sobre a parte práctica, (30%) que serán concensuados co profesor e onde será extremadamente importante tanto a presentación do mesmo, como a xustificación do contido a través de fontes documentales.

8.3.4. Criterios de cualificación

Cada una de las fases de aprendizaje será evaluada en clase diariamente con positivos (si el alumno cumple con los siguientes criterios) de la manera que sigue:

Investigación: (Ata 3 positivos)

- Concentración /aprovechamiento do tempo.
- Recursos empregados.
- Traballo en equipo, interese, curiosidade.

Exposición: (Ata 3 positivos)

- Dominio contidos.



- Uso materiais de apoio (pizarra, audio, esquemas...)
- Claridade expositiva.

Aplicación: (Ata 3 positivos)

- Uso terminoloxía apropiada, que demostre a aprendizaxe.
- Análise de todos os parámetros do comentario.
- Estética, contexto histórico, autor, etc. (Comentario externo)

Cada un destes criterios cualificarase cun positivo por parte do profesor, de tal modo que en cada clase poden lograrse un máximo 3 positivos. Para achar a nota numérica de clase ao final do trimestre, contarase o número de clases e farase unha regra de tres tendo en conta o máximo de positivos que podían lograrse e os que conseguiu o alumno. Ej. Si o alumno conseguiu 12 positivos sobre un total de 18, tería un 6.6 de nota de clase.

A nota de cada trimestre é o resultado desta nota de clase. A nota final é a media das tres avaliacións.

8.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Ao non existir esta materia no 5º curso de Grao Profesional non haberá proba de Ampliación. O alumnado que desexe adiantar a 6º deberá acordar co docente as actividades que terá que realizar para acadar o nivel da materia, en función do momento do curso en que se efectúe esa ampliación.

8. 4. Medidas de recuperación

No caso de non acadarse os obxectivos previstos ao remate das actividades lectivas, o alumnado poderá recuperar a materia mediante dous procedementos:



8.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios

1. Elaboración de una proba escrita que versará sobre los contenidos teóricos. Esta prueba podrá constar tanto de preguntas tipo test como de preguntas de desarrollo. Se realizará antes de final de curso. Representará el 50% da nota final.
2. Presentación de tres traballos, un por cada avaliación, sobre a parte práctica da materia. Serán concensuados co profesor. Será extremadamente importante tanto a os criterios de presentación do mesmo, como a xustificación do contido a través de fontes documentales. 50% da nota final.

8.4.2 Probas extraordinarias de setembro

O exámen de setembro versará sobre os contidos teóricos do programa, e constará dunha batería de preguntas de desarrollo y/o tipo test. (50% da nota final).

Así mesmo, o alumno haberá de entregar tres traballos sobre a parte práctica dá materia. (50% da nota final) O tema e características dúas traballos haberá de ser concensuado co profesor. Será imprescindible que o traballo achegue unha bibliografía que justifique a fase de documentación deses traballos.

9. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Ao final de cada mes revisarase a cantidade de materia impartida ea conveniencia ou non de continuar coa mesma liña metodolóxica ou facer modificacións en función de:



a. Feedback dos alumnos.

b. Aproveitamento da clase.

Nivel de coñecementos previos e adaptación da materia á súa capacidade cognitiva e intereses.

d. Probas de avaliación realizadas.

Programarase a materia que haberá de impartirse ao longo do próximo mes (4 clases seguintes) e realizarase un cuestionario aos alumnos en clase que incluírá preguntas do tipo:

¿Que aprendiches? ¿Que non aprendiches do impartido e porqué? ¿Como poderías evitalo? ¿Que farás de maneira diferente a próxima vez? ¿que che gustou aprender sobre ese tema? ¿que cambiarías do temario ou da maneira de impartilo? ¿qué necesitas que ocorra para que o aprendizaxe sexa mais eficaz?

10. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Os integrantes do departamento de Composición estarán atentos ao grao decumplimento das respectivas programacións didácticas, así como da evolución de cada un dos alumnos e alumnas que cursan as materias impartidas. Nas reunións departamentais, así como nas reunións extraordinarias de persoal, teranse en conta os indicadores de calidade de ensinanza, que marcarán as seguintes actuacións:

- Grao de cumprimento da programación didáctica



- Nivel de participación e asistencia ás clases
- Relación de resultados cuantitativos obtidos a curto prazo
- Número de actividades postas en marcha
- Valoración positiva por parte do profesor
- Grao de eficacia das actividades deseñadas

En vistas dos resultados obtidos, cada certo tempo pódense prever actuacións escolares e extraescolares específicas que fomenten a consecución de obxectivos marcados polas programacións. A este efecto pódense ofertar clases de apoio educativo, así como clases de apoio ao estudo que reforcen certos aspectos que demande o alumnado. Despois de cada avaliación trimestral realizaranse estudos de porcentaxes de resultado, sometendo a debate a posibles liñas de actuación, así como a posibilidade de ofrecer métodos de recuperación alternativos. Ao remate do curso realizarase unha memoria final na que se faga unha reflexión profunda sobre o grao de cumprimento da programación, así como as actuacións que foron ou que serán precisas para o futuro para o correcto funcionamento do departamento.

Adxuntaranse igualmente as porcentaxes de resultados por materias e a relación de actividades paralelas desenvolvidas.